



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR


CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 26 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 1 de outubro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

- 1.- Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres mestras ou mestres**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. Os outros dous representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2014.
- 2.- O censo electoral de mestres está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
- 3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día de hoxe ata as 14:00 horas do día 11 de novembro.
- 4.- A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
- 5.- Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **dous nomes** da lista de candidatos.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegable.
- 7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores, a tales efectos, para o día **15 de novembro, ás 16:00 horas**.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Santiago, 3 de novembro de 2016

O DIRECTOR DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: Xosé Manuel Barreira Rodríguez



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 26 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 1 de outubro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous pais/nais**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar, o outro pai será o representante da Anpa. Os outros dous representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2014.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día **14 de novembro**.
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día **11 de novembro**.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 14 de novembro, ás 11:40 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e **catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade**.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 15 ao 25 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 29 de novembro, de 9:00 a 14:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:55 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.


9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016

O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: Xosé Manuel Barreira Rodríguez



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 26 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 1 de outubro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 42 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **un/unha** representante deste sector.
- 2.- O censo electoral de está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro e na Secretaría.
- 3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día de hoxe ata as 14:00 horas do día 11 de novembro.
- 4.- A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, o Secretario e o membro deste sector de maior idade.
- 5.- Cada elector fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **de un nome** da lista de candidatos.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegable.
- 7.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Santiago, 3 de novembro de 2016

O DIRECTOR DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: Xosé Manuel Barreira Rodríguez